

## REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:04:14

SAIDA **11205/20**



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 72/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

### **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación remitida pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 14 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** Con data do 14 de xullo de 2020 tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que remite unha reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da dita Xefatura Territorial do 6 de abril de 2020, de acceso á información pública no expediente AIP-MI-LU-2020-2. O escrito de reclamación presentouse polo reclamante o 30 de xuño de 2020 no Rexistro do Concello de Foz.

O reclamante indicaba que á empresa foille notificada sucintamente a existencia da solicitude de acceso á información do dito expediente pola [REDACTED] e solicitou copia da solicitude, dos estatutos e da representación, información que a



Administración non facilitou, co que lle impediou comprobar a legalidade da solicitude e, por tanto, da resolución agora recorrida, xerando verdadeira e efectiva indefensión.

Alega a entidade recorrente que no ámbito mineiro, non existe, a diferenza doutros sectores do ordenamento xurídico, unha acción pública, polo que considera que se debe de declarar a falta de lexitimación activa na parte actora.

Os dereitos de acceso a expedientes contidos na Lei 27/2006 e a xurisprudencia de 2015, esixe a existencia dun vínculo entre a Asociación ou Corporación accioante e o obxecto do proceso a acción pública.

O artigo 13 da Lei 27/2006, establece que as solicitudes de información ambiental poderán denegarse se a revelación da información solicitada pode afectar negativamente á confidencialidade de datos de carácter comercial e industrial, protexer intereses económicos lexítimos, e dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Os proxectos mineiros, planos, plans de restauración e/ou estudos de impacto ambiental, así como os plans de labores sempre que desenvolven o proxecto mineiro, están baixo o amparo da lei de propiedade intelectual que lle recoñece ao autor decidir se a súa obra ha de ser divulgada e en que forma e en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización.

No que se refire á propiedade industrial, cabe indicar que nos plans anuais de labores, contense a estratexia empresarial da empresa e, por tanto forma parte do segredo industrial da mesma. Nos plans de labores, dáse conta de información referente ao director facultativo, traballadores medidas implementadas para garantir a súa seguridade, a organización produtiva, a produción obtida e a prevista, os equipos de traballo cos que se conta, a súa potencia eléctrica, a calidade do produto obtido, o produto vendido, o prezo ao que se vende. A empresa adoptou medidas concretas entre os seus empregados para que a dita información sexa considerada secreta e, polo tanto, non poida ser difundida. A resolución que se recorre non realiza prevención algunha sobre a protección de datos contidos naquela documentación que poidan estar amparados polo segredo industrial da empresa ou a propiedade intelectual dos autores dos planos e proxectos e, por tanto, é ilegal e anulable.

**Segundo.** Con data do 24 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de agosto de 2020.

**Terceiro.** Con data do 4 de setembro de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a [REDACTED] solicitou acceso á información con data do 23 de decembro de 2019, [REDACTED] presenta no Rexistro Electrónico da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha solicitude de acceso á información pública sobre o expediente de actuacións previas tramitado pola Xefatura Territorial como consecuencia da denuncia presentada pola Asociación con data do 6 de setembro de 2018 por posible actividade extractiva nas proximidades da explotación mineira Trinidad n°257 e sobre as catro denuncias presentadas pola Asociación o 12 de febreiro de 2019 por diversas actividades mineiras fóra do perímetro autorizado para a referida explotación mineira.

Con data do 18 de febreiro de 2020 dáse traslado da solicitude ao titular do dereito mineiro, por se a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses. O representante de [REDACTED] presenta escrito de alegacións opoñéndose a que se subministre á Asociación á información solicitada.

O 6 de abril dítase resolución da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se concede o acceso á información solicitada e a [REDACTED] accede á información con data do 7 de abril de 2020.

Respecto das alegacións da entidade mercantil, a Xefatura Territorial considera que non pode ser aceptada a alegación de que unicamente se lle remitiu información sucinta da solicitude, por canto se lle remitiu a solicitude presentada pola asociación e a copia da acreditación da representación que ostenta o representante da mesma.

Por outra banda, da documentación presentada dedúcese o verdadeiro carácter da mesma, que foi tramitada consonte a normativa de transparencia.

No referente a alegación de que en materia de minería non existe acción pública, xa foi contestada na resolución agora recorrida. Polo tanto, aos efectos de non caer en reiteracións innecesarias, remítese ao recollido na resolución de 6 de abril de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A alegación de que de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo pola que se regulan os dereitos de acceso á información, participación pública e acceso á xustiza en materia de medio ambiente, é necesario xustificar os intereses que persigue unha determinada asociación en orde a instar ou participar nun proceso xudicial en materia de medio ambiente, foi tamén contestada na resolución recorrida.

A alegación das causas de excepción ao dereito a acceder a determinada información pública contempladas no artigo 13 da Lei 27/2006, ademais de non ser postas de manifesto pola recorrente durante a instrución do procedemento, non poden ser tidas en conta no presente xa que a información solicitada refírese a documentos elaborados pola administración no exercicio das súas funcións e no que se aplica a Lei 19/2013.

Respecto da alusión aos plans de labores presentados pola mercantil, debe terse en conta que tal documentación non foi obxecto da solicitude de acceso.

**Cuarto.-** Con data do 10 de setembro de 2020, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, remitíuselle copia da reclamación presentada por [REDACTED] á [REDACTED] para que no prazo de dez días, puidese presentar as alegacións que estime convinte.

**Quinto.-** Con data do 18 de setembro de 2020, a [REDACTED] remite escrito como contestación ao trámite de audiencia concedido, no que en síntese manifesta o seguinte:

[REDACTED] descoñece si para acceder á documentación pública emitida pola Consellería de Industria, e relacionada cunha denuncia por uns feitos producidos fóra da canteira explotada por [REDACTED] a Consellería ten a obriga ou non de facilitarlle á empresa ditos estatutos, pero en todo caso non é responsabilidade da asociación.

Que descoñecen cal é a solicitude presentada por [REDACTED] á que fai referencia [REDACTED] no seu escrito, dado que [REDACTED] nada ten que ver con ese solicitante.

A denuncia presentada pola [REDACTED] non se debe a accións realizadas dentro do perímetro da explotación mineira, senón fóra da explotación Trinidad n 2277, polo que entenden que non procede aplicarlle a lexislación de minas a parcelas que non o son, nin teñen incidencia algunha os dereitos da propiedade intelectual dos proxectos mineiros, a propiedade industrial, os plans anuais de labores, a estratexia empresarial, o segredo industrial, os planos ou proxectos alegados pola mercantil.

As actuacións previas abertas polas denuncias presentadas por [REDACTED] están pechadas e sen sanción polo que entenden que non é preciso que se considere a [REDACTED] parte interesada no procedemento para acceder á documentación pública solicitada.

██████████ entende que non hai motivos para que se lle negue o dereito de acceso á documentación solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á entidade interesada notificóuselle a resolución con data do 13 de abril de 2020 e a reclamación a presentou no Rexistro do Concello de Foz con data do 30 de xuño de 2020, tendo en conta, que de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e suspendéronse os termos e se interromperon os prazos para la tramitación dos procedementos administrativos, disposición adicional que se derogou con efectos dende o 1 de xuño de 2020, pola Resolución do 20 de maio de 2020, do Congreso dos Deputados pola

que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Antes de entrar no fondo do asunto, debe examinarse a posible existencia dun vicio de forma na resolución recorrida. De conformidade co establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, no ámbito da Administración autonómica a competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información corresponde, no ámbito das Delegacións Territoriais, á persoa titular da Delegación Territorial.

A Resolución do 6 de abril de 2020 da solicitude de acceso á información presentada pola [REDACTED] non se ditou pola persoa titular da Delegación Territorial, senón pola xefa do servizo de Enerxía e Minas, coa conformidade da xefa territorial, sen que se faga referencia algunha na Resolución, á existencia dunha delegación de competencias como esixe o artigo 40.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, polo que debe en principio considerarse que o dito acto é nulo, de conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 39/2015.

De conformidade co disposto no artigo 119.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo, ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para iso, de conformidade co establecido no artigo 52.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único** : Estimar para a retroacción, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 30 de xuño de 2020, contra a resolución da dita Xefatura Territorial do 6 de abril de 2020, de acceso á información pública no expediente AIP-MI-LU-2020-2.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.10.01 09:32:13 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**